

CONCELLO DE
SANTIAGO

CUARTA PARTE

NORMAS DE VALORACIÓN.

Os criterios contables mas significativos aplicados na formulación das contas anuais son os que se describen a continuación:

a) Inmobilizado inmaterial

Os contratos de arrendamento financeiro aparecen recollidos exclusivamente polo valor derivado das cotas a pagar no exercicio ao igual que en exercicios anteriores ,

b) Inmobilizado material bens destinados ao uso xeral, investimentos xestionados e Patrimonio Municipal do solo.

b.1) Os criterios de valoración utilizados para o inmobilizado material son exclusivamente os de custo de adquisición segundo o importe das obrigas recoñecidas a 31 de decembro. Non se incorporaron custes financeiros a valores de inmobilizado. Se engade ao dito valor de adquisición os gastos adicionais ata o que o ben do que se trate se atope en condicións de funcionamento . Se entenderá como momento da posta en funcionamento o da correspondente acta de recepción .

Os impostos indirectos como maior custo do inmobilizados só se ten en conta se cando non teña o carácter de recuperable para a facenda municipal.

As adquisicións lucrativas se valoran polo "valor venal", partindo do informe de valoración do arquitecto/a municipal.

No inmobilizado adquirido por expropiación se entenderá por prezo de adquisición a contía do xustiprezo.

O inmobilizado adquirido e / ou construído polo Concello con destino ao servizo de auga potable e saneamento de conformidade co establecido no prego de condicións económico –administrativas que rexe o contrato subscrito ca empresa concesionaria se ten reflexado na conta 108 "patrimonio entregado en cesión " xa que son utilizados pola concesionaria para a explotación do servizo. O momento do seu reflexo como bens entregado en cesión é o da existencia da acta de recepción polo Concello, e elo con base no establecido nos " Principios Contables públicos "(documento nº 6 apartado 8.3.1) respecto ao momento no que se considera que un ben está en condicións de funcionamento que é precisamente o da expedición da acta de recepción.

Non consta un Inventario de bens e dereitos que, segundo a regra 16.1 da Orde 4041/2004, detalle de xeito individual os diversos elementos do inmobilizado que ten rexistrados na súa contabilidade. Claro exemplo desta circunstancia é que no Balance a 31-12-2009 e anteriores xa aparece a conta 220 con signo negativo.

Os datos acumulados de balance das contas de inmovilizado e fondos propios son os resultantes da acumulación dos importes a 31/12/2009 máis as obrigas recoñecidas do exercicio 2010, 2011, 2012, 2013 e 2014 e os movementos patrimoniais imputados no mesmo exercicio, sen que exista correlación cos datos do inventario patrimonial.

De acordo a regra 16.2, e ante a falta de medios que permita a actualización e seguimento do inmovilizado, elaborouse unha relación dos gastos en fase de obrigas recoñecidas e dereitos recoñecidos do capítulo 6 que supuxeron unha variación das contas do grupo 2 incluídos nos apartados correspondentes da Memoria. Do mesmo xeito se elaborou a relación dos movementos patrimoniais que deron orixe a movementos nas contas correspondentes que non se derivan do recoñecemento de obrigas orzamentarias e/ou dereitos recoñecidos de igual natureza con base nos respectivos soportes documentais.

Segundo a homoxeneidade ca contabilidade dos exercicios 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013 a efectos de limitar as distorsións no principio de imaxe fiel, se procede a continuar dotando os gastos de amortización das procedentes dos elementos cuxa amortización se comezou no exercicio 2009, 2010, 2011 e 2012 segundo o seguinte criterio seguinte :


O método de amortización é o método lineal e a vida útil estimada e a seguinte :

	Anos
Construcións	50
Inmobles adscritos e cedidos a terceiros	50
Equipos para procesos de información	4
Elementos de transporte	10
Mobiliario	10
Maquinaria , Instalacións e Utillaxe	10
Investimentos inmateriais	5
Outro inmovilizado material	5
Fondo bibliográfico e outros	8

Considérase como momento de inicio de amortización contable en termos xerais o mes seguinte da data do recoñecemento da obriga correspondente e / ou no mes seguinte da recepción da obra e /ou subministro segundo o soporte documental que obre no departamento de contabilidade ao peche do exercicio correspondente

O valor residual considerase non significativo, polo que segundo o principio de importancia relativa, non se terá en conta para a determinación da base de cálculo sobre a que se efectúa a amortización .

b.2) Os bens destinados ao uso público xeral se valoran polos mesmos criterios antes expresados no apartado b.1) destas normas de valoración.



CONCELLO DE SANTIAGO

b.3) O inmovilizado realizado pola propia entidade se valorará polo seu custo de produción incluíndo no mesmo os gastos de persoal directamente imputables

b.4) Se comezou no exercicio 2010 ,a reflectir os movementos patrimoniais do PMS cuxa constitución formal foi obxecto de acordo Plenario acordo do Pleno de 25/9/2008, Non consta a aprobación anual da actualización do mesmo.

O saldo e movementos desta conta só fan referencia a movementos incorporados a contabilidade no exercicio 2010, 2011 e 2012 e regularizacións contables no seu caso.

As parcelas que forman parte do PMS se valoran polo seu prezo de adquisición e / ou caso de inexistencia do mesmo pola valoración " venal " con soporte de valoración técnica do arquitecto / a municipal

c) Investimentos financeiros permanentes e temporais

c.1) O saldo se corresponde co valor expresado no cadro incorporado a esta memoria

c.2) Investimentos financeiros temporais

Se inclúe neste epígrafe as contas 542.0 o seu saldo subliña o importe dos anticipos concedidos ao persoal municipal e que están pendentes de reembolso

d) Existencias

Sen contido

e) Provisións do Grupo 1

Sen contido

f) Débedas

Imputáronse custos financeiros diferidos segundo consta no "Estado da débeda. Intereses". Fíxose a reclasificación do Endebedamento a curto e longo prazo segundo o importe do vencemento das operacións a 31-12-2014. Nos estados correspondentes figuran as débedas a curto e longo prazo . Se valoran polo seu valor de reembolso .

g) Provisión por Insolvencias

O método seguido para dotar as provisións por insolvencias é o establecido no artigo 193.bis do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.